



## MEMORIA

### a) Antecedentes:

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Cedeira, debido a que unha boa parte da superficie municipal está cuberta por especies arbóreas. Asemade, a industria de transformación deste sector tamén é moi importante para a economía do concello, debido aos postos de traballo que xera e a elaboración de produtos de alto valor engadido.

Nembargantes, o importante conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no concello para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal induce a implantar unha normativa fronte ao uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseqüente deterioro dos firmes; sen diminuír os dereitos de que todos gozan para transitalos. O período transcorrido dende a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da ineficacia da ordenanza actual que está totalmente obsoleta, o que pon de manifesto a necesidade dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.

Por outra banda, dentro do mesmo marco da obriga municipal de velar polo bo estado das citadas vías, se encadra o uso que destas se fai para o acceso e sobre todo, para as labores de mantemento dos parques eólicos instalados no concello. En exercicio desa obriga e en aras de garantir o interese público mencionado, o concello debe ter control e coñecemento do uso intensivo que se poida facer destas infraestruturas por estes motivos, toda vez que son susceptibles de producir un deterioro nas mesmas que debe ser vixiado. Nembargantes, as obrigas e a regulación deste tipo de uso non está contemplada na actual normativa deste concello; sendo esta situación motivo suficiente para que se contemple na ordenanza que se tramita.

### b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Desde a consciencia da importancia de ambos sectores económicos, pero tamén desde a preocupación polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas viarias locais, e polo tanto no conxunto da poboación, con esta ordenanza preténdese garantir a conservación das vías públicas de titularidade municipal que poden verse afectadas e ser obxecto de estragos por causa das operacións de corta e saca de madeira ou outras equiparables como o acceso aos parques eólicos para labores de mantemento ou calquera que implique un uso intensivo das vías municipais.

A estes efectos establécense na ordenanza municipal unha serie de obrigas. Para levar o control das operacións que se desenvolvan no marco da ordenanza, o concello requirirá a presentación dun escrito de comunicación previa para informar da realización de actividades extractivas de madeira ou de outras equiparables reguladas na ordenanza, tales como a necesarias para o acceso aos parques eólicos e dunha fianza necesaria para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

### c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A aprobación da Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Cedeira é necesaria, conveniente e oportuna para garantir a protección das infraestruturas viarias e o seu uso axeitado a fin de que sexan empregados por toda a poboación en condicións idóneas e se protexan os investimentos realizados nesa área.

### d) Obxectivos da norma:



Garantir a protección das infraestruturas viarias e o seu uso axeitado a fin de que sexan empregados por toda a poboación en condicións idóneas, así como regular a obriga de reparar o dano causado.

e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza que se pretenden establecer.

Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.